

Nas filas da Jolly Roger

ARMANDO REQUEIXO

armando.requeixo@xornal.com



DIARIO DUN PIRATA
CONFINADO
JAMÁS
Urutau Editora

A irrupción nas nosas vidas da covid-19 cambiouno todo: hábitos, rutinas, metas, relacións, pensamentos. Hai, sen dúbida, un antes e un despois desta pandemia. E se é así para todas as ordes da nosa vida, por descontado a literatura non la ser diferente.

Un dos efectos que testemuñan este cambio de rumbo é a publicación nos últimos tempos dun número estimable de obras que, dunha ou doutra maneira, nacen precisamente por mor da epidemia. Dun destes libros quero ocuparme hoxe: *Diario dun pirata confinado*, da autoría de Jamás, nome artístico de Julio Negueruela, ben coñecido por ser un dos integrantes do grupo musical Dios Ki Te Crew, que agora se estreia como escritor da man de Urutau Editora.

Diario dun pirata confinado é, como o seu propio título indica, un diario no que, xornada a xornada, Jamás foi relatando as súas vivencias dende o comezo do confinamento o 14 de marzo do 2020 ata dous meses despois. Noventa e tres días exactos nos que experimentamos unha sorte de arresto domiciliario que puxo patas arriba o mundo que coñeciamos e redefiniu por completo as regras de xogo.

Ante ese novo estado de cousas, Jamás reaccionou con perplexidade indignada. Afinou os sentidos, extremou a observación e descubriu o absurdo que fixo presa de nós, as contradicións internas nas que gobernantes e gobernados nos enleamos, tamén os episodios extremos de paranoia hipocóndrica e de negacionismo teórico e/ou factual. Entre un e outro extremo a bandeira pirata que Jamás decidiu apostar na ventá da súa vivenda, contra toda hipocrisía, insolidariedade ou indolencia, contra os apóstolos tanto da Apocalipse coma do conspiracionismo fantasmal, el apuxo a sensatez da rebeldía suprema: o sentido común, a insumisión a calquera das múltiples e inacabables formas de estupidez que durante o confinamento nos rodearon.

O inimigo real daqueles días de cativero pandémico foi evidente para Jamás dende o principio: a apatía. Mais tamén as armas coas que vencelo: o amor e o humor, o positivo estado de ánimo e os afectos. O que non lle impediu recoñecer tamén outro virus padecido pola humanidade dende sempre, con ou sen pandemia: a diferenza de clases, as desigualdades sociais, que subsistiron e fixéronse ben diferentes os nosos confinamentos. Con esta clarividencia o expresou o autor: "O illa-



Jamás

mento como medida de contención do virus semella estar funcionando, mais quizás nos leve inevitabilmente aos brazos doutro inimigo que nos asola: a apatía. Vencer a apatía non é cuestión menor, é unha batalla con maiúsculas na que inflúen diversas variables, como o número de metros cadrados do teu apartamento, o número de díxitos da túa conta corrente, o simple grao de fortaleza mental ou a suma das anteriores. As diferenzas sociais acentúanse en tempos de crise, por suposto por desgraza capitalista, mais a apatía pouco a pouco vaise inmiscindo polas regañas das fiestras das casas máis luxosas. No noso piso non a deixamos entrar, combatémola con amor, con humor, con música, con bastante cervexa. Onte un paisano miroume con cara de cu porque eu me estaba partindo o mesmo, coma se vivisemos nun velorio permanente onde se agarda que gardemos loito, hai que foderse. Ante a amargura, tolerancia cero. Ninguén nos fará sentir culpables por rir. Como dicía José Martí: se non loistas,

pois menos ten a decencia de respectar aos que si o fan".

Velaí a patente de corso do pirata Jamás: non renderse nunca, apostar pola capacidade de resiliencia social e individual, converter o infortunio transitorio nunha escola de aprendizaxe resistente para saír reforzados.

Escrito nun estilo directo, sen concesións aos arabescos e aos excursos diletantes, este *Diario dun pirata confinado* é un obxeto para as consciencias dos que non/se mal gobernaron durante o confinamento. É tamén un berro bocaneiro en favor da liberdade, contra o capitalismo canibal, os abusos insolidarios e as inxustizas sociais.

Concordo con Teresa Moure, autora do espléndido prólogo co que se abre o libro: esta é unha obra de "Piratoloxía e outra artes da resistencia". Porque neste esperpento vírico que nos tocou vivir ou se ten o corazón corsario para navegar coa lucidez da intelixencia indómita ou somos perdidos. É nesa batalla a min préstame militar ao corazón de Jamás: nas filas da Jolly Roger.